

Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade pola que se aproba o Programa de Inspección Ambiental 2026.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante resolución da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático do 26 de decembro de 2024, foi aprobado o Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030. Este plan recolle as liñas estratéxicas e as bases da planificación da Inspección Ambiental de Galicia e recolle os seguintes plans específicos: plan de inspección ambiental de instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación, plan de inspección ambiental de traslados de residuos, plan de inspección ambiental de xestores de residuos, plan de inspección ambiental de vertedoiros, plan de inspección ambiental de outras actividades e un plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental.

Segundo.- En desenvolvemento do citado Plan é preciso establecer o programa detallado, aplicable no ano 2026. En atención ás ditas circunstancias, o Servizo de Intervención Ambiental adscrito a esta dirección xeral elaborou a oportuna proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- O artigo 30 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia institúe a inspección ambiental asignándolle, no marco da defensa e protección do medio ambiente de Galicia, a execución do control e vixilancia das actividades e instalacións de calquera tipo que fosen susceptibles de afectarlle negativamente. Desta Lei deriva o Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, que desenvolve o réxime xurídico da Inspección Ambiental en Galicia, recolle no seu artigo 11 o contido mínimo dos programas de inspección.

2º.- O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, vixente nos termos resultantes do Decreto 49/2024, de 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, atribúe, no artigo 12, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade as competencias e funcións en materia de





avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos residuos, de acordo cos principios de desenvolvemento sostible e da economía circular, así como en materia de responsabilidade ambiental e sancionadora que por razón da materia lle corresponda. Ademais, a realización de actividades encamiñadas ao control do cumprimento da normativa ambiental a través do Servizo de Intervención Ambiental.

3º.- A Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación) e trasposta ao ordenamento xurídico estatal a través do Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e do Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais recollen a obriga de establecer un sistema de inspección ambiental das instalacións que incluíra a análise de toda a gama dos seus efectos ambientais relevantes.

4º.- Por último, o artigo 10 do Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, indica que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente un programa de inspección ambiental que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo Plan de inspección ambiental. O programa anual aprobarase mediante resolución emitida pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental e vincularán o persoal inspector ambiental.

Polo exposto e á vista da proposta do Servizo de Intervención Ambiental, **RESOLVO:**

Aprobar o Programa de Inspección Ambiental 2026 e dispoñer a publicación desta resolución e do programa na páxina web institucional da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

(asinado dixitalmente)

María José Echevarría Moreno

